



Servizo de Persoal Docente e Investigador

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Reitoría  
Rúa Maestranza, s/n  
15071 A Coruña  
Tel.: 981 167 000  
Fax: 981 167 012 Ext.: 1068

Resolución do 25 de xuño de 2018 da Universidade da Coruña pola que se nomea Profesor Titular de Universidade da área de coñecemento Química Orgánica, a Fernando Francisco Avecilla Porto.

De conformidade coa proposta da Comisión designada para xulgar o concurso de acceso que convocou esta universidade por Resolución do 13 de abril de 2018 (BOE do 30 de abril de 2018), para a provisión da praza número 18/004 de Profesor Titular de Universidade da área de coñecemento de Química Orgánica, departamento de Química desta universidade, a favor de Fernando Francisco Avecilla Porto, con DNI núm. 32757571M, e unha vez que o interesado acreditara os requisitos establecidos na convocatoria.

Esta Reitoría, no uso das atribucións que lle confire o artigo 20 da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Fernando Francisco Avecilla Porto, Profesor Titular de Universidade da área de coñecemento de Química Orgánica, departamento de Química desta Universidade.

No prazo máximo de vinte días, a contar desde o día seguinte á publicación deste nomeamento no "Boletín Oficial do Estado", o candidato deberá tomar posesión do seu destino.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderá interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 25 de xuño de 2018

O Reitor,

Julio E. Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	mvmB0mu/mNQ6K59CHcvFzA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	25/06/2018 15:03:07
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/mvmB0mu/mNQ6K59CHcvFzA==">https://sede.udc.gal/services/validation/mvmB0mu/mNQ6K59CHcvFzA==</a>		

